

O vector Galicia-Lituania no espazo europeo

Rafael José R. de Espona

Introdución

Desde que Lituania recuperou a súa independencia (11 de marzo de 1990), percorreron 17 anos plenos de significativos acontecementos para a nación lituana. Este período pódese definir como unha primeira etapa da consolidación interna e proxección exterior nacional que culminou co momento da institucionalización formal do seu vínculo euroatlántico, mediante o ingreso na UE e a OTAN (2004). Dende entón, deuse paso a unha nova fase de desenvolvemento estatal que implica a intensificación da súa proxección exterior.

Non obstante constituír un Estado de reducidas dimensións e poboación, Lituania proxecta a súa influencia a través da súa acción exterior en Europa do Leste e do Sur do Cáucaso mediante unha doutrina política e diplomática decididamente enfocada a fortalecer a independencia e democracia dos estados en transición post-soviética e a súa aproximación ao espazo euroatlántico. Lituania dispón dunha idónea capacidade de percepción da situación en Europa do Leste, especialmente sobre os estados veciños –Letonia, Belarús, Polonia e Rusia– así como en Ucraína e Xeorxia.

Con 65.300 km² de extensión, a localización física de Lituania enclávase no centro xeográfico de Europa, no que constitúe o extremo occidental da gran planicie de Europa do Leste⁽¹⁾. Lituania conta cunha orografía ondulada e clima continental, cunha altitude media sobre o nivel do mar de 99 m. A considerable acuosidade do territorio nútrese de 29.000 ríos, dos cales 758 superan os 10 km de lonxitude, con pouca inclinación e corrente lenta. Un número de 2.830 lagos maiores de 0,5 ha ocupan o 1,5% do territorio, especialmente no leste, destacando a lagoa de Curlandia, cunha metade norte que pertence a Lituania.

O 31% da superficie de Lituania está cuberta de bosques e o subsolo carece de xacementos significativos de hidrocarburos, sendo rico en calcario, arxila, area, xeso e turba. A orografía de Lituania supón unha considerable vantaxe para a súa rede de comunicacións terrestres. O eixe marítimo atlántico europeo cara o mar Báltico ten en Lituania o seu destino natural como extremo oriental, posto que se ben Estonia e Letonia localízanse máis cara o Leste, Klaipėda é o porto báltico de permanente apertura durante todo o ano, ao non conxelarse en inverno (e, polo tanto, de valor superior aos portos estonios e letóns) e que supón a saída ao mar de Belarús.

(1) Lituania conta con 1.731 km de fronteira terrestre: ao norte con Letonia (576 km), ao leste e ao sur con Belarús (660 km) e ao suroeste con Polonia (103 km) e Kaliningrado (273 km). A franxa costeira báltica é de 90 km. O centro xeográfico de Europa atópase a 20 km ao norte da capital Vilnius.

O vínculo euroatlantista de Lituania enlaza xeograficamente dende o extremo oriental do eixe marítimo do Atlántico ata o Báltico. Pola súa situación xeográfica, Lituania é a ponte de Rusia coa súa rexión illada de Kaliningrado e desde a perspectiva loxística hai que destacar que 2 corredores europeos de transporte –de carácter prioritario para a UE– atravesan o seu territorio.

Conforme ao dito antes, pódese afirmar que Lituania atópase nunha situación limítrofe entre dous espazos xeoestratéxicos –no extremo oriental da UE e, ao tempo no occidental da Comunidade de Estados Independentes (CEI)– e, polo tanto, desde a perspectiva xeoestratéxica, a integración de Lituania na UE e na OTAN resalta a súa importancia como enclave no corazón de Europa Central. Pódese considerar que no futuro se manterá a rexión báltica como a principal área xeopolítica e económica onde Rusia enlaza con Occidente.

Localizadas en polos opostos do mapa europeo, Galicia atópase no extremo occidental de Europa na ribeira do Océano Atlántico, mentres que Lituania se enclava na marxe oriental do Mar Báltico. Debido á distancia e ao illamento durante o período da invasión soviética, existe un considerable descoñecemento mutuo entre España e Lituania. Esta situación englobou as relacións rexionais, encontrándose Galicia neste contexto respecto de Lituania.

Tras o seu ingreso na UE, as relacións exteriores lituanas experimentaron un significativo avance e, no caso español, contribuíu á recepción de inmigración do Leste de Europa. Non obstante, este aspecto non alcanzou a Galicia no concernente á inmigración lituana en España, a cal concentrouse en zonas do Levante, eminentemente nas provincias de Valencia, Alacante e Albacete. Polo tanto, a presenza de inmigración lituana en Galicia é cuantitativamente case inexistente.

Non obstante, institucións, empresas e colectivos sociais atópanse en posición de avanzar nun ámbito de gran proxección futura, constituído polas posibilidades de desenvolvemento de vínculos con Lituania e, en especial, coa rexión de Klaipėda, a cal desde varios aspectos pódese considerar a “Galicia lituana”.

Analogías socioculturais entre Lituania e Galicia

A pesar da considerable distancia que separa Galicia de Lituania, existen relevantes concomitancias entre ambas, en gran parte inadvertidas debido ao descoñecemento mutuo.

Lituania, con 65.300 km² de extensión e 3,5 millóns de habitantes, e Galicia, con máis de 29.000 km² e 2,7 millóns de habitantes, posúen uns parámetros próximos, especialmente si se toma en consideración o feito de que nun caso nos referimos a un estado e noutro a unha rexión. Nesta liña débese contemplar que as principais cidades lituanas son Vilnius (530.000 habitantes), Kaunas (400.000), Klaipėda (230.000), Siaulai (140.000) e Panevecys (120.000).

Debe destacarse a relixión católica e o seu arraigo sociocultural en Lituania e Galicia, especialmente a nivel rural. A relevancia medieval de Santiago de Compostela ten unha considerable importancia en Lituania, conforme a súa celebridade histórica, de modo tal que son numerosos os cidadáns lituanos que completan o Camiño de Santiago.

Por outra parte, un factor de relevancia histórica e que actualmente configura a proxección social exterior o constitúe a común experiencia da emigración masiva que coñeceron Galicia e Lituania. Aínda que a emigración galega concentrouse en América do Sur e a lituana en América do Norte e Australia, nalgúns países a diáspora galega e lituana constitúen ao tempo comunidades destacadas, como no caso de Venezuela⁽²⁾.

Os caracteres climáticos, aínda coas súas notables diferenzas especialmente no inverno, configurou unha psicoloxía dos habitantes lituanos e galegos coincidente en varios aspectos, influíndo na idiosincrasia. Cun inverno nórdico, Lituania dispón de clima, pluviosidade, humidade e temperaturas similares ás galegas nas estacións de primavera e verán.

Outros puntos de proximidade menos estudados pero particularmente interesantes atópase no plano das similitudes morfolóxicas na tipoloxía antropolóxica e as súas posibles raíces históricas. Neste sentido, algúns antropólogos, arqueólogos e historiadores lituanos desenvolveron recentemente unha interesante liña de investigación sobre posibles conexións prerromanas entre Galicia e Lituania, destacándose incluso raíces etimolóxicas en topónimos como a rexión lituana denominada Galicia.

Actuais relacións entre Galicia e Lituania

O desenvolvemento económico experimentado no marco da UE posibilitou o incremento, se ben modesto, das relacións económicas entre Lituania e Galicia, principalmente no ámbito marítimo. Considerando as estimacións prospectivas sobre o gran potencial de cooperación mutua, o Ministerio de Asuntos Exteriores da República de Lituania (URM) decidiu a apertura dunha Oficina Consular Honoraria en Galicia tras a entrada de Lituania na UE e na OTAN no ano 2004.

A cooperación interportuaria, a intensificación da conexión loxística marítima e o desenvolvemento das relacións comerciais e de investimentos entre Galicia e Lituania constitúen os principais elementos de interese económico bilateral. No marco dos novos proxectos enerxéticos lituanos, instalacións galegas como a planta de bioetanol de *Abengoa* en Curtis e a central LNG de *Reganosa* en Mugardos constitúen modelos de gran interese para os analistas lituanos.

(2) Jurate Statkutė de Rosales: *Vicisitudes da diáspora lituana*, Revista Tempo Exterior nº 9, pp117-121, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), Baiona, 2004.

O mesmo se pode afirmar do porto exterior de A Coruña, que é o precedente infraestrutural europeo do programa lituano deseñado para o porto de Klaipėda, e así se verificou na visita da delegación da Autoridade Portuaria de Klaipėda realizada en abril de 2007. No plano comercial, Galicia dispón dalgunhas importantes empresas de referencia xa posicionadas en Lituania, como é o caso de Inditex, e tamén é prioritario fomentar as interrelacións entre Pemes, como xa está ocorrendo nalgúns casos.

Outro caso singular atópase na actividade bancaria e a súa relación coa emigración: seguindo a filosofía comercial orientada á emigración galega posta en práctica polos bancos e caixas de aforros galegos en Hispanoamérica, recentemente unha entidade financeira lituana estudou a súa estratexia corporativa de modo simétrico, enfocada cara á inmigración lituana en España.

En aspectos de seguridade e defensa, a policía de Lituania coopera coas forzas de seguridade españolas respecto ao control dos tráfico ilícitos en Galicia, como zona de penetración europea. Así mesmo, as instalacións da Armada Española en Galicia, como o Arsenal de Ferrol, ven sendo obxecto de interese por parte das autoridades da Mariña lituana (outubro de 2006), que igualmente enfocaron a súa atención cara ás capacidades tecnolóxicas dos estaleiros galegos de Navantia.

A rexión lituana de Klaipėda, socio natural da comunidade de Galicia

A consideración de Lituania como escenario económico debe ser desdobra-da en dous niveis de modo simultáneo. En primeiro lugar, Lituania constitúe unha óptima plataforma de operacións comerciais e de investimentos na rexión báltica, por causa da súa localización xeográfica e do seu liderado político e económico rexional. Pero, ao mesmo tempo, o mercado interior lituano ten un atractivo considerable para Galicia, especialmente na rexión de Klaipėda, que se erixe en epicentro económico desde a súa perspectiva.

De gran relevancia para o país, a rexión de Klaipėda abarca a totalidade dos 99 km de costa coa que conta Lituania. Aínda que se trata dunha fronteira marítima moi estreita, a relevancia desta incide non só na economía do país, senón na doutros estados como Belarus e Ucraína. Isto é así en virtude da proxección comercial que se canaliza a través das comunicacións terrestres vía ferrocarril e tráfico rodado cara os países mencionados, así como cara á Rusia e a CEI. Este vector interior loxístico europeo que cruza Klaipėda cara ao seu porto aglutina un fluxo económico que se incrementa constantemente ano tras ano.

Lituania dispón dun único porto en Klaipėda, sendo a súa vez este o único porto do mar Báltico que nunca se conxela estando situado na marxe oriental deste mar. A diferenza de San Petersburgo (Rusia), Tallinn (Estonia) e Riga (Letonia), o lituano Porto de Klaipėda garante o fluxo permanente de buques durante todo o inverno, o cal supón unha singular vantaxe. O Porto de Klaipėda constitúe unha infraestrutura fundamental para o país, cunha importancia crecente para a súa economía e a súa relevancia rexional,

e por este motivo o goberno de Lituania deseñou un programa de desenvolvemento que contempla a ampliación do mesmo, incluíndo un novo porto exterior que permita duplicar a súa capacidade. Estímase que nun horizonte a medio prazo este proxecto poderase acometer coa axuda de fondos estruturais europeos, antes do ano 2013.

Non se debe esquecer a terminal petroleira de Butinga e o proxecto do futuro porto deportivo de Šventoji, que constitúen infraestruturas menores pero de notable importancia.

As características económicas e xeográficas de Klaipėda implican que, entre todas as rexións españolas, Galicia eríxese como primordial no relativo ás concomitancias e posibilidades de cooperación exterior. O vector Galicia-Klaipėda supón definitivamente unha conexión marítima que en si mesma encerra unha gran proxección loxística intercontinental, enlazando América e Europa do Leste a través dos portos galegos. De entre estes últimos hai que salienta os portos de Vigo e A Coruña, complementarios en canto ao tipo de carga –granel e contedores– e ambos de gran potencial recíproco para Klaipėda.

Son subsectores comúns da economía de Klaipėda e Galicia a madeira e a pesca, coas lóxicas asimetrías no último caso tanto a nivel cuantitativo (volumes de extracción e comerciais) como cualitativo (diferentes especies e cultura culinaria no consumidor)⁽³⁾.

Incluso, o turismo garda algunhas concomitancias: a zona que abrangue as localidades costeiras de Palanga e Šventoji supón en Lituania algo similar ao tipo de turismo que prolifera en Galicia en zonas como Sanxenxo ou algunhas localidades ribeiregas do norte da provincia de Lugo, cun clima suave en verán, distinto do tipo de turismo propio do sur. En base a isto, existen varios elementos que permiten asemellar o proxecto de desenvolvemento infraestrutural turístico que se contempla para a zona costeira lituana coa oferta turística galega.

A produción enerxética das industrias radicadas en Galicia –refinería de *Repsol-YPF* en A Coruña, planta de bioetanol de *Abengoa* en Curtis– así como a súa demanda de materia prima, constitúen dous importantes referentes para as relacións comerciais entre Galicia e Klaipėda. De modo inverso, a refinería lituana *Mazeikiu Nafta* xera un fluxo de subministro inverso ao mencionado e canalizado a traveso da terminal de Klaipėda.

O marco formal de cooperación Galicia-Klaipėda

Desde o ingreso de Lituania na UE no ano 2004, a intensificación das relacións bilaterais hispano-lituanas permitiu avanzar en aspectos materiais e formais, integrados estes últimos por un conxunto de acordos que permitiron reforzar a seguridade xurídica e a cobertura legal das actividades económicas e culturais.

(3) *The knowledge economy in Lithuania. A study of the industry's prospects*, EKT Group, Lithuanian Development Agency, Vilnius 2004.

Seguindo coa planificación estratéxica centrada na asociación natural e rexional de Galicia e Klaipėda, se considera oportuno plasmar os distintos proxectos nun conxunto de convenios e acordos de colaboración nas materias e ámbitos correspondentes.

No outono de 2005 foron subscritos ambos acordos de cooperación entre as administracións portuarias de Klaipėda e as correspondentes aos principais portos galegos: a Autoridade Portuaria de Vigo e Autoridade Portuaria de A Coruña. De entre os portos galegos tomouse en consideración o carácter principal dos mencionados, así como a súa proxección comercial complementaria pola natureza da súa carga (granel e contedores respectivamente). Os aspectos concretos en que haberán de se materializar estes convenios inclúen os seguintes puntos:

- Organización e xestión avanzada de portos. Asistencia das administracións portuarias galegas para a modernización do porto de Klaipėda.
- Autopista do mar: coordinación de estudos e cooperación entre empresas loxísticas sobre a idoneidade da vía marítima para detraer transporte terrestre en beneficio da conexión portuaria entre Galicia e Klaipėda.
- Intensificación dos contactos entre operadores portuarios.
- Extensión aos diferentes axentes empresariais para o desenvolvemento da área industrial portuaria, Zona Franca de Klaipėda e o seu entorno urbano.
- Fomento das relacións de comercio bilateral e investimento galego nas novas infraestruturas portuarias de Klaipėda.
- No caso do porto coruñés, establecemento dun marco de coordinación informativa permanente para o desenvolvemento do futuro porto exterior de Klaipėda.

Os asuntos mencionados anteriormente poderán tratarse con maior profundidade en virtude da participación doutras institucións e entidades aparte das portuarias. Neste sentido, a comezos do ano 2007 definíronse dous novos proxectos de convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e o goberno de Klaipėda por unha banda, e entre a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e a Asociación de Empresarios de Klaipėda (KPA) pola outra.

O obxectivo principal, no primeiro caso, consiste en intensificar a coordinación estratéxica entre os gobernos rexionais para optimizar os recursos e esforzos privados con cobertura pública. No segundo, contéplase a recíproca prestación de asistencia informativa e intercambios de misións comerciais, aspectos que, ademais de servir para a habitual cooperación bilateral entre asociacións empresariais privadas, axudará a obter maior rendemento das relacións con empresarios de Letonia ou Rusia (Kaliningrado) vinculados a Klaipėda.

No aspecto cultural constitúe un primeiro logro o conseguido a inicios do ano 2006 entre a Universidade de A Coruña (UDC) e a Universidade de Klaipėda (KU), as cales subscibiron un acordo no marco do Programa Sócrates de cooperación interuniversitaria da UE. Debe terse presente que este vínculo académico é susceptible de expandirse en proxectos de I+D desenvolvidos por institutos tecnolóxicos en ciencias do mar e tecnificación do subsector madereiro, de

especial interese en Galicia e Lituania. Neste sentido, un aspecto de gran potencial científico refire a que os centros de investigación de Galicia e Lituania están en condicións de afondar conxuntamente en estudos de I+D en biotecnoloxía mariña.

Estimacións prospectivas e conclusións

Transcorridos tres anos desde o ingreso de Lituania na UE, pódese considerar cumprido con excelentes resultados o que denominaríamos o “primeiro ciclo de desenvolvemento lituano”, o cal abarcou quince anos e debeu superar a obsolescencia inicial xerada polo período soviético. Paralelamente, a pesar do atraso estrutural galego, a rexión tamén alcanzou cotas de modernidade nun período similar. O enfoque con perspectiva de futuro permite considerar un vector de crecemento e modernización paralelo ao desenvolvemento infraestrutural que incidirá tanto en Galicia como en Lituania.

Lituania continuará a ser o mellor socio para optimizar a coordinación empresarial co propósito de operar a nivel rexional no Báltico e cun aliado para a xestión en Europa do Leste en xeral, e especialmente en Rusia, Belarus e Ucraína. As características destas economías emerxentes serán atractivas para a capacidade de investimentos das empresas galegas, se ben a adecuada análise do risco e a posesión dun *know-how* corporativo poderán ser ofrecidos por parceiros empresariais lituanos.

Hai que destacar a importancia estratéxica da alianza rexional bilateral Galicia-Klaipėda, cunha significación que só pode ir a máis. O reto consiste en estar á altura do ritmo dos acontecementos, para colocar o vector marítimo que une a ambas rexións como un referente europeo. Entre as diferentes liñas de cooperación exterior que estableceu Galicia, esta pode ser un referente para toda España no seu vínculo con Lituania e o Báltico.

A modo de conclusión, establécense como indicativos das liñas mestras da cooperación Galicia-Lituania nos seguintes puntos:

- O desenvolvemento dun marco formal e material de colaboración entre institucións públicas e entidades privadas orientado á difusión de información e coñecemento mutuo e á definición de intereses estratéxicos comúns.
- A orientación da cooperación económica dende a perspectiva marítima centralizada na cooperación interportuaria, o desenvolvemento da costa e a conexión loxística naval hispano-lituana.
- A coordinación das relacións comerciais bilaterais con proxección internacional en terceiros mercados: América, no caso de Galicia, e Europa do Leste, por parte de Lituania.

En definitiva, trátase de aproveitar a singular localización xeográfica afastada pero complementaria que implica unha alianza natural de intereses establecen-

do vínculos institucionais, empresariais e sociais multidisciplinares que permitan a optimización dos recursos comúns para consolidar o vector Galicia-Lituania nun contexto europeo de crecente proxección internacional.

Rafael José R. de Espona é cónsul honorario da República de Lituania en Galicia, así como colaborador do Centro de Estudios Estratégicos de Lituania (SSC Lietuva).